



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Aprobación das bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria para a contratación laboral temporal dun/ha peón/oa durante nove meses ao abeiro da orde do 9 de xaneiro de 2023, Apról Rural (Dog. Núm. 22, 01/02/2023). EXPEDIENTE: 2023/E001/000041

ANTECEDENTES

PRIMEIRO- Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Apról Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351G), DOG Nº22 do mércores 01 de febreiro de 2023.

SEGUNDO- Providencia de inicio de data 07/02/2023

TERCEIRO- Non se corresponden informe de Intervención Municipal por ser petición de subvención.

CUARTO- Decreto de alcaldía Nº 281/2023 de solicitude de subvención para o fomento de emprego no medio rural (Apról Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

QUINTO. Resolución de concesión da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Apról Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, da data 19/04/2023 (código de procedemento TR351G).

SEXTO. Informe xurídico de data 24/04/2023

SÉTIMO. Informe de intervención municipal con nota de reparo de data 03/05/2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público; Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; Real Decreto Legislativo 3/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Emprego; Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública; Real Decreto



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servicio da Administración Xeral do Estado. Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público. Orde de 09 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar por motivos de urxencia a atribución de alcaldía en materia de persoal delegada na Xunta de Goberno Local, para este caso concreto de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola necesidade de cubrir o posto con urxencia antes da finalización do periodo subvencional.

SEGUNDO.- Prestar aprobación das bases que se reproducen ao final deste documento

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Betanzos, na data que figura na marxe



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

A alcaldesa
marzo)

María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16

Adrián J. Márquez Caramés

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA PEÓN/NA DURANTE NOVE MESES AO ABEIRO DA ORDE DE 9 DE XANEIRO DE 2023. (DOG. Núm. 22, 01/02/2023)

Primeira: Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é cubrir, mediante concurso-oposición, unha praza de peón/oa durante nove meses de acordo coa subvención concedida ao abeiro da Orde de 09 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

Segunda: Normativa aplicable.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el texto refundido da Lei do Estatuto Básico Empleado Público; Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; Real Decreto Legislativo 3/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Emprego; Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado. Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público. Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

Terceira: Modalidade e duración do contrato.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a xornada completa, e coas retribucións previstas na Resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se resolven as axudas ao abeiro da Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. A duración do contrato será de 9 meses.

As vacacións e o horario, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Cuarta: Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade.

c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

d) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

f) Ser desempregado/a candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SEPE de Betanzos. En todo caso, deberán de cumprirse os requisitos esixidos no artigo 14 da Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

Quinta: Presentación de instancias.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica municipal <https://sede.betanzos.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>

Tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación é de dous (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.

Debido ó breve cómputo do prazo para a presentación de instancias, nos casos das solicitudes presentadas nos Rexistros doutras administracións públicas que non dispoñan do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), os interesados deberán comunicar este feito ó Concello de Betanzos por correo electrónico (personal@betanzos.net) dentro do prazo anteriormente sinalado.

Á solicitude achegarase inescusablemente, con carácter xeral:

- Fotocopia do D.N.I. -
- Fotocopia dos títulos esixidos nos apartados c) e d).
- Documentos xustificativos dos méritos específicos para o posto que se aleguen para o concurso

Sexta: Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do concello, e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, e concederá un prazo de un (1) día natural para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. As reclamacións, se as houber, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas. No caso de que por circunstancias



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou entrevista, publicarase no Taboleiro de Edictos do concello, e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.

Sétima: Tribunal Cualificador.

O tribunal estará constituído por:

Presidente/a: Un funcionario desinado pola alcaldía.

Secretario/a: Un funcionario desinado pola alcaldía.

Vogais: Alomenos tres vogais desinados pola alcaldía

Os/as vogais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava: Procedemento de selección

Concurso de méritos e proba práctica, xustificada nas características específicas e singulares do posto de traballo.

Novena: Lista de seleccionados presentación de documentos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal a relación de aprobados por orde de puntuación.

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da calificación da fase de concurso e da proba práctica.

O tribunal presentará á Sra. Alcadesa a proposta do/a candidato/a que obtivese maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito. O/a aspirante proposto/a, achegará no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos os documentos seguintes:

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

-Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.

-Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoas con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurrira por falsidade na solicitude de participación.

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

Décima: Formalización do contrato.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, a Sra. Alcaldesa efectuará o nomeamento a favor do/a candidato/a proposto/a e asinará o contrato laboral nun prazo de 5 (cinco) días.

Undécima: Lista de reserva

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de similares características deste concello. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación.

Duodécima: Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASES ESPECÍFICAS

Primeira: Sistema de selección.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

Segunda: Retribucións.

As retribucións serán as establecidas na Resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se resolven as axudas ao abeiro da Orde de 9 de xaneiro de 2023 (Aprol Rural).

Terceira: Proceso selectivo.

Concurso de méritos e proba práctica.

A) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo 51 da Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 1 ou equivalente.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

B) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións ou puntuacións:

- **Experiencia** (puntuación máxima: 2,00 puntos):

Experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza:

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 pts/mes ata un máximo de 0,75 puntos
- Servizos prestados na administración, empresas ou organismos públicos: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 1,25 puntos

- **Formación** (puntuación máxima: 2,00 puntos):

Cursos directamente relacionados coas funcións da praza e participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

- Cursos a partir de 20 horas; 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 punto.
- Cursos a partir de 100 horas. 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 punto.

- **Exercicio práctico:** poderá ter unha puntuación máxima de 6,00 puntos.

Por tratarse de prazas comprendidas no grupo de clasificación profesional B, C, ou correspondentes a persoal de oficios, este **exercicio práctico** consistirá nunha proba práctica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir. Para o exercicio práctico, dispórase dun período máximo de 30 minutos . Puntuarase de 0,00 a 6,00 puntos



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis candidatos acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a que obteña a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza na administración, empresas ou organismos públicos e logo o/a candidato/a que acade a maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza en servizos prestados en empresas privadas. En último término, prevalecerá aquel/a candidato/a que acade unha maior puntuación no exercicio práctico

ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS DO CONCURSO

A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

A realización de cursos acreditarase mediante a achega ou presentación dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

Por último, a acreditación do tempo traballado, realizarase mediante a achega de certificado de empresa acreditativo ou copia dos contratos de traballo e a través de certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social ou, no seu caso, do colexio profesional que corresponda.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Anexo I.- Solicitud de participación proceso de selección de un/ha peón/oa Apról Rural 2023

D./D^a.....con DN.I.
endereço para os efectos de notificación.....
C.P.....teléfono....., correo electrónico.....

EXPÓN: Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo peón/oa desbrozador conforme á Resolución de concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Apról Rural), para o Servizo de limpeza e desbroce, da Consellería de Emprego e Igualdade.

Para tal efecto FAI CONSTAR:

- 1.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- 2.- Que non está separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin está incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. Que, no caso de ser nacional doutro Estado, non está inhabilitado/a ou en situación equivalente nin está sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 3º.- Que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- 4º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 5º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 6º.- Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación.

SOLICITA: Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achega:

- D.N.I.
- Permiso de conducir B
- Certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos, indicando a duración total e os periodos de duración dos servizos prestados e/ou copia compulsada dos correspondentes contratos de traballo ou documentación acreditativa do tempo traballado e o posto de traballo desempeñado xunto co informe de vida laboral.
- Cursos de formación.

Ena.....de.....de 2023

Asdo.....

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).